POESIAGALEGA.ORG
arquivo de poéticas contemporáneas na cultura

GAAP
GRUPO ALEA DE ANÁLISE POÉTICA

Material de outono

Xoán Carlos Domínguez Alberte

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*
Domínguez Alberte, Xoán Carlos (2011 [2000]). *Material de outono*. Lisboa: Edições Tema. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1541>.

2 | Por referencia á publicación orixinal
Domínguez Alberte, Xoán Carlos (2000). *Material de outono*. Lisboa: Edições Tema.

* Edición dispoñíbel desde o 8 de decembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

material de outono

xoán carlos domínguez alberte

edições tema

Material de outono

Xoán Carlos Domínguez Alberte

Xoán Carlos Domínguez Alberte (*Escudeiros – Terra de Celanova, Galiza, 1966*). Dinamizador do achegamento cultural entre Galiza e Portugal, sendo da sua responsabilidade as **Actas das I Xornadas das Letras Galegas en Lisboa** (*CRP, Santiago de Compostela, 1999*). Nesse âmbito foi também co-responsável pelo livro **Mulher a facer vento** (*Ed. Tema, Lisboa, 1998*). Trabalhador do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación em Humanidades, Universidade de Vigo e Servicio Lingüístico Comarcal. Colabora habitualmente na revista poética *Clave Orión*. **material de outono** constitui a sua estreia poética em livro.

Obras:
Roberto Blanco Torres e a loita pola supremacía ética (1999).

Capa e Ilustrações: **Anxos Romeo**

Edições Tema - Edições não-venais
1ªEdição Absoluta: *Lisboa, Novembro 2000*
Direcção Literária: **Alberto Augusto Miranda**
Assistência Editorial: **Sofia Espada**
Logotipo: **Anxo Pastor**
Endereço electrónico: ahahmiranda@hotmail.com
Lisboa - Portugal «««««Telef: 351+965817337

Delegações:
Ponta Delgada: **Fernando Martinho Guimarães**; Amsterdam: **Almerinda Alves**; Tilburg (*Holanda*): **Marian van Riemsdijk**; Póvoa de Varzim: **Aurelino Costa**; São Paulo (*Brasil*): **Alfredo Fressia**; Telões: **Alexandre Teixeira Mendes**; New York: **Susan Pensak**; Braga: **Nani Pinto**; Székéfehérvár (*Hungria*): **Réka Reichardt**; Zamora: **Máximo Hernández**; Londres: **Delfim M. Lopes**; Cidade do México: **Raul Sosa**; Maia: **Maria João Almeida**;

Depósito Legal: 157 069/00
Tiragem: 500 exemplares

Material de outono

Xoán Carlos Domínguez Alberte

Por ti naturalmente

edições tema

Quixera ser ámbar
a folla
Se bateses o río
sonaría a
puro ouro

Pimentel, *Sombra do aire na herba*



Natureza

Nestora soamente
quixeramos fixar
un pouco os
caracteres dese
gris horizonte
condicionado pola
distancia

Otero, *Sereno e grave gozo*

alampa
luz de amor
polo rosetón da miña igrexa

as follas que me regalas

papel de outono
ao gris do ceo

nada máis lonxe

estar eiquí

de mañá
polo ceo
animan
esperanzas de lonxe

materia gris
pés descalzos

quietude na paisaxe
a camiñar por dentro

formas de verde
corpo irto
urce de sempre

ollar cara ao mesmo sitio

uxe que animan e van de paso
nubes novas baixan eiquí

no relento desta herba

fume sobre a herba
celme gris
con frescor de néboa

dende o lentor máis temperá
fíos de luz a través
natureza de montaña

dirección nor noreste
a carrúa de uxío do courel
alumea un cantar salgado
que vén e vai ao mar maior
dende a ourela

arruma a cabezalla
con farois atlánticos
sen de frío xa nos azos

todo é un bruar
de azougue
ramallada confusa
de voces
e ficar quedo

sen ningún son de alento

carrúa abaixo
farois acesos
carros que cantan
o mión e o verso



coas maus baleiras
resplandor de herba

remanece un mar nobre
con remansos de morriña
vesar de adeus
sucando o ceo
    en silencio

ouro verde
matiz sangue
e resplandor a viño

ar que embriaga
            por ti amor
a palabra

ollada gris semellas

lentor na néboa sen contornas
alento nu sen latexo

ollada gris semellas

todo é brétema
perfil esvaído na distancia

un facho a esgazar a néboa

a vida está máis preto
en outono

o amor é máis
natureza propia

alma de videira

o vento e as palabras
vendimadas

canto de amor na paisaxe

se tu me faltas

non hai palabras
ao vento
paxaros de amieiro
folerpas con ceo
nin xeiras de outono

se tu me faltas

vagar de sombra
unha voz
pegadas verdes
ao traspé da luz

herba branca
cada mañá con xeada
o brillo da túa voz

formas aínda espidas
a aquecer na raiola
morna pel de interior

busca de agarimo
quietude de ideas

na natureza calma
só hai silencio

as idades da paisaxe
atravesando con calafrío de sombra
o espacio dos eidos

eran outros tempos



Ao natural

Sin saber por onde
pasei da
nembranza ó soño
e vaguei alleo
pola casa grande

Novoneyra, *Muller pra lonxe*

este tempo
a estación
coa palabra máis propia
para amarte
    amor

camiño para ti
sensacións repetidas
e tactos tépedos

con paso miúdo
inventar un vento

dúas impresións no crepúsculo
distancia e il

cada mañá unha esperanza nova
con luz natural
de lonxe

entre nós hai palabras
de dicirnos
ao voo
no corazón do verso
o interior do outono
e a folla que esparexe

como a noite perdida do teu ollar
o outono agacha incontíbel
beleza interior



co tacto das maus espidas
sentirnos na paisaxe

ante ti vida
só
mineral
voar da folla
camiño de volta
os espellos
sensación de fío
e ver
só
cómo o tempo vai pasando

perfume de outono
natureza e desexo
a túa cor máis íntima

o tempo tamén pode ser gris
igual que este pixama mazá

de novembro

días transcorridos con voz e ilusión
        cada día es máis fermosa
coma este outono de por fóra
levas o pelo negro e os ollos
        róxenche
a cachón sentimentos
        voulle dicir que a amo tanto
que daría todo pola voz
e sempre pasear ao lado
co van cinguido
vagar pola herba
        para que me vexas
con pixama gris mazá de domingo

onde está o meu corazón
sempre o ar
é a túa voz

ardan as árbores
que se incendie todo e me consuma
dunha vez
só por ti

natureza con guedellas mouras
luz interior
e ourizos de río
que eu amo

Edições **Tema**

1-Luisa Villalta, Rota ao interior do ollo
2-José Gustavo Teixeira, Alrededor de Héctor Rosales
3-Agathe Destobbeleer Representação do corpo ausente em D. Juan Tenorio
4-Luís Nóbrega, O corpo encolhido
5-Carlos López Bernárdez, O corpo da amiga
6-Fernando Martinho Guimarães, A invenção da morte
7-Xosé María Álvarez Cáccamo, A escrita das aves de marzo
8-Carlos Saraiva Pinto, O viajante transitório
9-Elizabeth Challinor, Tales from inside / Manhãs do olhar
10-**Tudo o que a água consigo leva** respostas poéticas a **Carlos Paredes** endereçadas por: *Adalberto Alves,Albano Marins, Amadeu Batista, Ana Maria Ferreira, Ana Hatherly, Armando Silva Carvalho, Arturo Casas, Carlos Poças Falcão, Carlos Saraiva Pinto, Casimiro de Brito, Egito Gonçalves, Emanuel Jorge Botelho, Fernando Echevarría, Firmino Mendes, Héctor Rosales, Isabel Aguiar Barcelos, Joaquim Matos, José Agostinho Baptista, Luisa Villalta, Mário Cláudio, Vergílio Alberto Vieira, Xosé María Álvarez Cáccamo e Xulio L. Valcárcel*
11-Anxo Pastor, O Cavalo económico
12-Tomás Batista Gomes, Hipótese semi-secreta
13-Alfredo Fressia, O Futuro / El Futuro
14-Rogério Carrola, A oração de Filipa
15-Máximo Hernández, Cerimonial do Tempo

16-Mulher a facer vento - Poesia de *Ana Romaní, Anxos Romeo, Emma Couceiro, Luisa Villalta, Luz Pozo Garza, Olga Novo, Yolanda Castaño*
17-Ana Haterly, A idade da escrita
18-Carlos Oroza, La Llama Prestada / A Chama Emprestada
19-Carla Ferreira, Ex-tratos de água
20-Manuel Lourenzo, A Conquista da Cripta
21-Eduardo Moga, Unánime Enego / Unânime Fogo
22-Francisco Candeira, Fronteira sen tempo
23-Pedro Silva Sena, Cancioneiro do absurdo
24-Daniel Spínola, Sonâmbulas Tentações
25-Júlia Lello, O Concerto ou o Triunfo da Música
26-Rafa Villar, Icaro
27-Cristina Benedita, A boca perfumada
28-Ana Santorun Ardone, Espacio Virtual
29-Dulcinea Rosa, Desconstrução
30-Laura C. Skerk, Menos que silencio
31-Natália Correia, A ibericidade na dramaturgia portuguesa
32-Aurelino Costa, Na raíz do tempo
33-Alexandre Teixeira Mendes, Dourada A Têmpera
34-Xoán Carlos Dominguez Alberte, Material de Outono